

Programación Xeral Anual da EOI de Lugo - 2023-2024

Área	A. Organización do centro				
OBXECTIVO (1)	A1. Rematar a redacción da actualización do PEC.			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Equipo directivo, coordinadora da formación e o persoal docente interesado en participar no grupo de traballo do PFPP.				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	O Proxecto educativo da escola: 1. describe a contorna actual e perfila uns obxectivos que concordan coa realidade. 2. proporciona un marco metodolóxico actual, adaptado á lexislación vixente e flexible. 3. establece un plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.				
Valor de partida (3)	Durante o curso 2022-2023, comezouse coa actualización deste documento, modificouse especialmente a parte metodolóxica, aínda que está pendente de revisión, os outros apartados están moi desactualizados, e refírense a hai máis dunha década.				
Valor previsto (4)	O documento é unha ferramenta necesaria para a elaboración das sucesivas programacións xerais anuais, para a avaliación dos proxectos e convértese nunha ferramenta de utilidade para o profesorado no seu traballo diario.			Data (4) Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
AO1.1: Crear un grupo de traballo para a redacción do PEC.	A coordinadora da formación	Setembro/outubro 2023	Solicitud PFPP ao CFR		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Formar o profesorado no Deseño universal da aprendizaxe.	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Ao longo do curso	Formador/a do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Difundir os contidos do PEC entre o profesorado.	Coordinadora de formación	Ao longo do curso	Aula virtual do centro Pequenas xornadas		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área	A. Organización do centro				
OBXECTIVO (1)	A2.Reorganizar a estrutura das reunións da Comisión de coordinación pedagóxica para conseguir unha maior produtividade.				Acadado
					Non acadado
Responsable	Equipo directivo				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	Nas reunións desta comisión: 1. coordínase a elaboración das programacións didácticas dos departamentos para adaptalas á lexislación e ao PEC. 2. trabállase con técnicas de traballo cooperativo. 3. non se debaten temas que non sexan de índole pedagóxica.				
Valor de partida (3)	Durante o curso 2022-2023, as reunións da CCP eran mera transmisión de información ou foro de debate de temas que tiñan que ver máis coa organización das ensinanzas que coa pedagogía.				
Valor previsto (4)	As reunións teñen carácter de traballo e fanse propostas para a elaboración eficaz das programacións didácticas, que respecten o deseño universal da aprendizaxe e o currículo vixente.			Data (4)	Xuño 2024
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
AO2.1: Valorar as necesidades.	Xefatura de estudos, dirección e vicedirección.	Setembro/outubro 2023	Currículo, guía de técnicas de traballo cooperativo, programacións actuais e lexislación vixente.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Elaborar un plan de acción.	Xefatura de estudos, dirección e vicedirección.	Setembro/outubro 2023	Ferramentas para a organización do traballo (Canva, DAFO, calendario...)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3: Facer propostas viables para a redacción das s programacións didácticas.	CCP	Ao longo do curso	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área	B. Metodoloxía e formación do profesorado				
OBXECTIVO (1)	B.1. Adaptar as programacións didácticas á lexislación vixente e ao PEC.			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	A Comisión de coordinación pedagóxica				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	As programacións didácticas: 1. respectan os principios metodolóxicos expresados no decreto 81/2018 e mais no PEC. 2. presentan a mesma estrutura que o currículo, é dicir, falan de actividades de lingua, obxectivos, competencias e contidos e criterios de avaliación e establecen unha secuenciación baseada nos obxectivos e na adquisición das competencias necesarias. 3. non se adaptan a un libro de texto concreto, senón que son abertas e permiten a utilización de diferentes recursos e soportes. 4. respectan as NOF e os principios de igualdade.				
Valor de partida (3)	Actualmente, as programacións didácticas non sempre respectan os indicadores anteriores e precisan unha revisión profunda. Algunhas non respectan os principios metodolóxicos, noutras a secuenciación dos contidos están baseada na progresión gramatical, outras están baseadas nun libro concreto, sen atender ao currículo. En xeral, aínda que se foron adaptando os contidos e os recursos aos principios de igualdade, o proceso debe continuar durante este curso académico.				
Valor previsto (4)	O curso 2024-2025 presentaranse as novas programacións, xa adaptadas aos indicadores que se describen arriba.		Data (4)	Xuño 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
BO1.1: Crear un grupo de traballo para a redacción do PEC.	A coordinadora da formación	Setembro/outubro 2023	Solicitude PFPP ao CFR e		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO1.2: Formar o profesorado do centro no Deseño Universal da Aprendizaxe.	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Novembro/décembro 2023	Formador/a do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO1.3: Establecer un calendario de traballo para a CCP en coordinación do GT do PFPP.	Equipo directivo en conxunto ca coordinadora da formación	Setembro 2023	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área	B. Metodoloxía e formación do profesorado				
OBXECTIVO (1)	B.2. Impulsar un proceso de cambio nas metodoloxías docentes para ofrecer ao alumnado máis oportunidades de desenvolver o seu talento, de xeito que mellore a súa motivación, se potencien as súas capacidades e se teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Equipo directivo e coordinadora da formación.				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	O profesorado introduce alomenos unha nova estratexia nas súas aulas para que o alumnado mellore as súas capacidades. Os resultados finais na aula son máis positivos que outros anos. A perda do alumnado por motivos relacionados co ensino redúcense nun 30%.				
Valor de partida (3)	Nas enquisas ao alumnado hai queixas sobre a metodoloxía que emprega o profesorado. O abandono escolar por motivos relacionados co ensino no centro é aínda dun 7%.				
Valor previsto (4)	O alumnado móstrase satisfeito coa metodoloxía e a calidade do ensino na escola. Aumenta o número de aprobados. O profesorado observa melloras no desenvolvemento das aulas e nos resultados do alumnado.	Data (4)	Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
BO2.1: Ofrecer un curso sobre o Deseño Universal da Aprendizaxe aplicado ao ensino de linguas na Escola Oficial de Idiomas.	A coordinadora da formación	Setembro/outubro 2023	Solicitude PFPP ao CFR e		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO2.2: Ofrecer un curso sobre o uso das ferramentas institucionais (AbalarBox, Agueiro).	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Novembro/décembro 2023	Formador/a do centro ou externo		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO2.3: Ofrecer un curso sobre o uso dos aplicativos que conteñen a Maqueta Abalar e os novos paneis interactivos que se instalaron nas aulas.	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Setembro/outubro 2023	Formador Abalar		Realizada
					Aprazada
					Pendente
BO2.4: Ofrecer un curso sobre o uso de materiais libres de dereitos de autor e licenzas de uso.	Equipo directivo en conxunto ca coordinadora da formación	Novembro/décembro 2023	Formador/a do centro ou externo		Aprazada
					Pendente
					Pendente

Área	C. Convivencia				
OBXECTIVO (1)	C1. Facilitar a adaptación do profesorado que chega novo á escola.			Acadado	
				Non acadado	
Responsable	Equipo directivo e persoal docente.				
Indicador/es do OBXECTIVO (2)	O profesorado novo: 4. séntese a gusto e intégrase na vida da escola. 5. crea tarefas de certificación dentro do seu departamento, respectando o formato. 6. emprega os recursos do centro habitualmente para o seu labor docente.				
Valor de partida (3)	O profesorado novo non coñece o centro, o xeito de elaborar exames de certificación e non ten costume de empregar as ferramentas específicas do noso centro.				
Valor previsto (4)	O profesorado séntese integrado na escola e coñece as ferramentas da escola e os procedementos básico de elaboración de exames de certificación.			Data (4) Decembro 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	Responsables (6)	Data prevista fin (7)	Recursos necesarios (8)	Seguimentos das accións	
				Valoracións das accións (9)	Estado (10)
CO1.1: Nomear un docente de referencia.	Unha persoa do departamento	Setembro 2023	Persoal disposto a colaborar.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
CO1.2: Formar o novo profesorado na elaboración das probas de certificación.	Coordinador/a de formación e profesorado de centro	Setembro 2023	Formador/a do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
CO1.3: Formar o o novo profesorado no uso dos recursos da escola.	Equipo TIC e asesor Abalar	Setembro 2023	Aula virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Axuda para completar a táboa:

- ⑩ **(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendámosvos que estes obxectivos sexan:
 - ⑩ **Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - ⑩ **Medibles**(Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
 - ⑩ **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
 - ⑩ **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que con leven un beneficio importante para a organización educativa.
 - ⑩ **Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.
- Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.
- ⑩ **(2) INDICADOR:** Define os indicadores que vos permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- ⑩ **(3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- ⑩ **(4) VALOR PREVISTO:** é a cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- ⑩ **(5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- ⑩ **(6) RESPONSABLES:** Que son as persoas implicadas e responsables de realizar a liña de acción.
- ⑩ **(7) DATA PREVISTA FIN :** data concreta na que finalizaría a acción completamente.
- ⑩ **(8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,...)
- ⑩ **(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN** é recomendable valorar o logro de cada acción de mellora, e é recomendable se utilizamos un indicador **concreto e cuantificable**, respecto á liña de acción.
- ⑩ **(10) ESTADO:** Podemos utilizar esta miasma táboa para avaliar finalmente o noso plan de xeito rápido, comprobándose o cumprimento do logro de cada liña acción.